



Celebración dos "I Xogos Equestres de Galicia"




Unhas magníficas infraestruturas

A Feira Internacional de Galicia é o recinto máis amplo e versátil do Noroeste Peninsular:

- 428.000 m² de superficie total con amplas zonas verdes
- 37.000 m² de exposición cuberta e 55.000 m² de exterior
- 140.000 m² de aparcadoiro
- Auditorio con capacidade para 700 persoas
- Situado no centro de Galicia, a 15 minutos de Santiago de Compostela e do seu aeroporto internacional por autoestrada
- Amplia oferta de aloxamentos na súa contorna, incluíndo un hotel de catro estrelas ubicado fronte ao recinto

Ubicación e acceso



Datos xerais da feria

Data:
do 10 ao 13 de xuño de 2010

Carácter:
aberta ao público en xeral

Horario:
xoves e venres:
de 10 h. a 20 h.
fin de semana:
ampliase de 10 h. a 21 h.

Aparcadoiro:
gratuito

FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA • E-36540 SILLEDA • Pontevedra • España • Tlfn. +34 986 577000 • Fax. +34 986 580865 • info@feiragalicia.com



—Outras actividades—

As actividades vencelladas ás diversas áreas expositivas uniranse outras que contribuirán a conformar un completo programa de ocio:

- Exposicións e demostracións agrarias intensificarán o protagonismo do mundo rural e a orixe da Semana Verde:
 - "A historia do campo: o laboreo e as ferramentas"
 - "O labor feminino no campo"
 - "Demostración de seguridade no uso de apeiros agrícolas"
- Aulas didácticas sobre ciencia e tecnoloxía
- Demostracións de extinción de incendios forestais
- Outras exhibicións



Salimat

O 14º Salón de Alimentación do Atlántico manterá o seu carácter profesional, converténdose en punto de encontro do sector da alimentación e a gastronomía.


Os Encontros Internacionais de Compradores serán un dos seus piares, permitindo á pequena

e mediana empresa entrar en contacto cun importante número de importadores estranxeiros mediante reunións pre-axendadas.

Terá tamén un papel protagonista a área Alinova, un espazo exclusivo que amosará os últimos produtos lanzados ao mercado, permitindo coñecer atractivas innovacións alimentarias.

A fin de semana abrirase ao público en xeral, tomando protagonismo a promoción ao consumidor final e a gastronomía.

- Actividades:**
- Encontros Internacionais de Compradores
 - Encontros de negocio co mercado nacional
 - Talleres de catas e conferencias





Os Nossos Sectores

Gandería

As exposicións gandeiras de razas autóctonas e unha gandería alternativa que permita diversificar e complementar a actividade económica agraria serán as protagonistas desta área, a cal pretende recuperar a produción de calidade no campo.

Actividades:

- Exposición de razas autóctonas
- Exposición de razas selectas de ovino e caprino

Mascotas e Pequenos Animais

Unha área que se presenta nesta edición como unha variada exposición de mascotas na que o público poda escoller, desde o animal máis coñecido e popular ao máis exótico, ademais de competicións, exhibicións e exposicións de moda e perruquería caninas.

Actividades:

- Probas de Agility clasificatorias para o Campionato de España de Agility 2010
- IV Campionato de Agility do Collie Club de España e XII Campionato de Galicia de Agility
- Exhibición / Demostración de adestramento canino realizado pola "Sección de Guías de Perros de la Guardia Real"
- Exhibición de educación canina
- Concurso Nacional de Beleza Canina puntuable para o Mellor Can do Ano de Galicia e concursos monográficos de beleza canina
- Exhibicións de pastoreo (ovellas, ocas, patos) con can de palleiro (raza autóctona recuperada) e border collie
- Seminario e curso de pastoreo con can
- Outras actividades: desfiles / pasarela de moda canina, seminario de formación de "handler" canino con exhibicións de perruquería

Caza e Pesca

Os expositores contarán cun espazo idóneo para realizar contactos profesionais e vender os seus produtos e servizos aos máis de 58.000 cazadores (22.000 federados) e 72.000 pescadores (3.500 federados) de Galicia. Introducido na pasada edición, este sector pretende consolidarse agora para atender a importante demanda existente entre os visitantes da feira.

Mercado Tradicional Gandeiro (sector novo)

Durante a fin de semana acollerá transaccións ao estilo tradicional. Será unha alternativa para que criadores e produtores de diferentes razas e especies tradicionais galegas (vacuno, porcino, aviar, cabalar, mular, asnal, etc.) podan exhibilos e actuará como punto de venda con presenza de animais criados baixo parámetros de ecoloxía e produción natural.

Equina

Un espazo de negocio e promoción para as empresas relacionadas co mundo equino, que acollerá a celebración dos I Xogos Equestres de Galicia, unha concentración de aproximadamente 450 exemplares participando en competicións e torneos que abarcan diferentes disciplinas, así como outro gran número de animais presentes en concursos e exposicións.

Os I Xogos Equestres de Galicia, serán un importante reclamo para atraer a público, tanto aficionado á hípica como xeral. Acollen as seguintes modalidades:

- Concurso Nacional de Salto
- Concurso Nacional de Doma Clásica
- Concursos morfolóxicos
- Campionato de Galicia e Concurso Nacional de Raid Hípico
- Torneo galaico-portugués de horseball
- Proba oficial de andadura e de trotóns

No programa de actividades equestres figuran tamén:

- Actividades populares: bautismo hípico, competición de arrastre de pesos por bois e cabalos percheróns, exhibición de trotóns, exposicións de razas mulares e mostra de razas selectas nacionais e de Portugal
- Espectáculo equestre

Xardinería, Piscinas e Cubertas

As plantas e os complementos de xardín terán un espazo propio no que amosar as súas novidades a un público aficionado á xardinería. Tamén as piscinas e cubertas contan con esta área para expoñer os seus produtos.

Actividades:

- Exposición/exhibición de bonsáis
- Actividades de arte floral e de xardinería

Vehículos, Caravanas e Casas Prefabricadas (sector novo)

Un espazo para o ocio familiar no que se ofrecen alternativas e complementos do hábitat, xa sexa vacacional, de mobilidade ou de especial uso en áreas que requiran integración e protección ambiental.

Maquinaria Agrícola

As empresas de maquinaria terán a oportunidade de promoción e venda directa nunha feira dirixida a un público final eminentemente rural. Tamén a pequena maquinaria e as ferramentas hortícolas disporán dun magnífico escaparate no que presentarse aos, cada vez máis abundantes, "agricultores de fin de semana".

Mobiliario e Decoración

As empresas de mobles e artigos de decoración contarán cun amplo espazo para amosar os seus produtos ás decenas de miles de visitantes que pasarán polo recinto.

Artesanía

Unha área diferenciada de promoción e contacto comercial para a produción artesanal que favorecerá as súas relacións cos compradores profesionais e cos consumidores, promovendo o valor do artesanal como sinónimo de identidade cultural, tradición e sustentabilidade, e incrementando o valor de marca de "artesanía de calidade".

Área Comercial

Trátase dun espazo de venda que conformará unha ampla mostra dos máis diversos produtos.

Medio Ambiente

Un espazo de sensibilización ambiental para a conservación do patrimonio natural que amosará as posibilidades existentes neste campo, desde a reciclaxe ata a vida saudable pasando polo aforro enerxético e o uso de enerxías renovables.

Alternativas Económicas Para o Medio Rural (sector novo)

Unha área deseñada para ofrecer alternativas na xeración de recursos no medio rural ante a súa actual situación. As explotacións multifuncionais (apicultura, silvopastoreo, micoloxía, etc), a construción e rehabilitación rural, a produción de enerxías renovables, etc, terán cabida aquí.

Atencións Socio Sanitarias no Rural (sector novo)

Solucións técnicas e de ocio para mellorar a calidade de vida da poboación ubicada no medio rural e que sofre as consecuencias da dispersión do hábitat e as atencións derivadas de tal condición.



Semana Verde 2010, un completo espazo multisectorial con numerosas novidades

O mellor espazo para o intercambio comercial e o ocio dirixido ao gran público

A gran diversidade de sectores convocados no certame, moitos deles presentes por primeira vez, conformarán un completo e novidoso escaparate multisectorial que despertará gran interese.

Xunto coa ampla área de exposición, o ocio é o outro gran elemento que compón o salón. Un intenso

programa de actividades que destaca pola súa diversidade, atraerá ao seu público fiel, que disfrutará un ano máis cos seus contidos, e a novos segmentos de poboación interesados nas recentes incorporacións.

O medio rural, a súa actividade, oportunidades, particularidades e cultura será un dos eixes tanto da área expositiva como das actividades paralelas. Manteranse así as raíces da Semana Verde, pero con vocación de proxectarse aos novos tempos e

aos novos escenarios que introduce o século XXI, nun espazo no que o consumidor que ostenta a decisión final de compra será o centro e destino do noso proxecto comercial.

Formar parte dun certame con estas características suporá unha oportunidade de negocio e unha garantía de éxito comercial para todas as empresas presentes.

